

ENCONTROS MONOGRÁFICOS CO PATRIMONIO CULTURAL:
IN SITU. CONXUNTOS HISTÓRICOS

MEMORIA, CIDADANÍA, REHABILITACIÓN URBANA E XESTIÓN PATRIMONIAL A DEBATE EN SANTIAGO DE COMPOSTELA

Consello da Cultura Galega
Santiago de Compostela
Martes, 26 de febreiro de 2019



O programa IN SITU pretende crear outros lugares de reunión fóra do habitual espazo dos Encontros Monográficos do Patrimonio Cultural e trasladar o espazo de debate ao contexto xeográfico e social dos bens. Os conxuntos históricos onde se desenvolveron os Encontros (Vigo, Ferrol, Ourense-Ribadavia) querían mostrar a diversidade das situacións en que se atopan estes conxuntos e introducir no debate os aspectos complexos do encontro arredor da protección patrimonial da cidade histórica.

Pódese seguir nestes enlaces os debates xerados nos tres lugares analizados:

- Vigo: O Casco Vello de Vigo. A memoria, a relación coa cidade e as intervencións públicas na rexeneración urbana (<http://consellodacultura.gal/evento.php?id=200724>)
- Ferrol: Ferrol Vello e A Madalena. As estratexias de recuperación patrimonial, rehabilitación e rexeneración urbana (<http://consellodacultura.gal/evento.php?id=200736>)
- Ourense: Os cascos históricos de Ourense e Ribadavia. O planeamento especial visto a través de 20 anos de experiencia na xestión patrimonial (<http://consellodacultura.gal/evento.php?id=200724>)

Este último encontro está estruturado como tres mesas de debate consecutivas arredor de tres temáticas que se analizaron de forma transversal nos tres encontros anteriores, polo que participarán nelas os relatores dos propios In Situ. A primeira mesa estará centrada na patrimonialización dos conxuntos históricos e a participación cidadá neste proceso e na toma de decisións que lles afectan; a segunda xirará ao redor da ordenación, a relación coa cidade e o plan especial como instrumento; e a terceira tratará a rehabilitación física e social dos conxuntos históricos, as políticas públicas e o fomento.

PROGRAMA

16:30 horas
Inauguración

16:40 horas
Presentación
Rebeca Blanco-Rotea e Teresa Nieto

17:00 horas
Mesa 1
A patrimonialización dos conxuntos históricos e a participación cidadá neste proceso e na toma de decisións que lles afectan

Mónica López Álvarez, arquitecta,
Comisión de Seguimento do PEPRI do
Conxunto Histórico de Ribadavia

Miguel Reimúndez González,
arquitecto

Xosé Manuel Santos Solla, profesor de
Xeografía na Universidade de Santiago
de Compostela

18:00 horas
Mesa 2

A ordenación, a relación coa cidade e o plan especial como instrumento de xestión

Teresa Nieto, arquitecta, Xunta de
Galicia

Alfonso Díaz Revilla, arquitecto,
O cina de Planeamento, S.A.

Adolfo Rodríguez de la Rúa, arquitecto

19:00 horas
Mesa 3

A rehabilitación física e social, as políticas públicas e o fomento na xestión dos conxuntos históricos

Nuria Campos Díaz, directora dos
servizos técnicos do Consorcio Casco
Vello de Vigo

Ignacio Mendizábal Ferreiro,
arquitecto, O cina de Rehabilitación de
Ferrol

José Antonio Padrón, arquitecto,
O cina de Rehabilitación de Ourense

ORGANIZA

Sección de Patrimonio e Bens Culturais (CCG)

Consello da Cultura Galega

COORDINA

Rebeca Blanco-Rotea

Teresa Nieto

LUGAR

Consello da Cultura Galega

Pazo de Raxoi, 2º andar

Praza do Obradoiro, s/n

15705 Santiago de Compostela

Tel.: 981 957 202 / Fax: 981 957 205

INSCRICIÓN

A inscrición é gratuíta.

O número de prazas é limitado (100 persoas).

As prazas cubriranse por rigorosa orde de inscrición.

Entregarase diploma acreditativo de asistencia ao encontro.

Para obter o diploma é preciso asistir ao 75 % das sesións.

MÁIS INFORMACIÓN

www.consellodacultura.gal

difusion@consellodacultura.gal

Consulta os materiais en <http://consellodacultura.gal/mediateca>

